

# A FP DUAL DO IES DE FENE

Dun tempo a esta parte, estase a falar moito da FP Dual, sobre todo nos medios de comunicación; porén, a información que se nos ofrece dende estes é bastante escasa, cando non por veces inexacta. Con este artigo intentarei desde a miña escasa experiencia - vinte un anos ininterrompidos impartindo clases nos Ciclos formativos de FP, máis este presente curso 2021-2022 levando a dinamización da FP Dual no IES de Fene - aclarar un pouco cales son as características desta modalidade de ensino que vén de poñerse en marcha dende hai uns poucos anos.

## PARA EMPEZAR: QUE É A FP?

FP, como a maioría da xente coñecerá, son as siglas da Formación Profesional, unha modalidade de formación que busca formar profesionais e que intentarei desde estas liñas dar a coñecer un pouco mellor. Mais aquí remata na meirande parte da poboación o que realmente coñece destas ensinanzas, coñecemento que nalgúns casos está cheo de prexuízos e estigmas sen fundamento. Podemos así afirmar que a FP é a grande descoñecida do sistema educativo, no sentido de que as súas características máis salientables son descoñecidas por moita xente, mesmo por persoas que forman parte do propio sistema educativo.

É certo que hai uns cantos anos, ata a reforma da Formación Profesional, estas ensinanzas arrastraban unhas eivas moi importantes: clases masificadas de corenta ou máis persoas por aula (o que dificultaba enormemente o proceso de ensinanza-aprendizaxe), falta de material e de instalacións axeitadas, principalmente talleres, para a impartición da parte práctica da formación (parte práctica que como veremos é da máxima importancia no eido da Formación Profesional), así coma a non obrigatoriedade dunhas prácticas en empresa ao rematar os estudos, prácticas que permitirían ao alumnado ten un contacto real e de primeira man co mundo laboral, así coma poder mellorar as súas oportunidades cara á obtención de emprego.

Actualmente, e tras a reforma nos anos 90 que introduciu os Ciclos formativos na FP, a situación mellorou notablemente: así, cada grupo ten un máximo de vinte dúas persoas por aula (o que dá a posibilidade dun **ensino máis personalizado**), con instalacións, talleres e material axeitados (permitindo así un mellor **aproveitamento da formación práctica**), ademais de que é necesario superar un módulo de prácticas en empresa, chamado FCT (Formación en Centros de Traballo), para poder conseguir o título correspondente; isto último non só e positivo de cara a que o alumnado poda ter **contacto co mundo laboral**, senón que é bastante frecuente que o alumnado que cursa a FCT nunha empresa pase a ser contratado pola mesma empresa, ou como mínimo facer contactos que poden ser moi beneficiosos para o seu futuro. As **prácticas en empresa por medio da FCT non son remuneradas**, é dicir, o alumnado non recibe un diñeiro por elas.

Actualmente, a Formación Profesional estrutúrase en tres niveis, e en todos eles cómpre superar a FCT correspondente para poder obter o título:

**1 FP Básica:** está orientada a alumnado que non é capaz de acadar os obxectivos da ESO. Combina materias relacionadas cos contidos da ESO, con módulos de introdución ao mundo profesional. Esta titulación, máis que polo seu valor en si, é conveniente para poder acceder a un Ciclo de grao medio.

**2 Ciclos de grao medio:** pódese acceder a eles mediante a FP Básica, co título da ESO, ou ben por medio dunha proba de acceso. O título acredita á persoa posuidora como técnico. As materias que se imparten (coñecidas como módulos) están exclusivamente relacionadas coa titulación; é dicir, non se imparten materias como Matemáticas, Física, Latín, etc., pero si módulos con nomes como Soldadura en atmosfera natural, Sistemas de transmisión e freada, Montaxe e mantemento mecánico ou Montaxe e mantemento de equipamentos de refrixeración industrial. A FCT ten unha duración de 410 horas, cunha xornada laboral de oito horas diarias de luns a venres, o que aproximadamente se traduce en dous meses e medio de prácticas. O seu recoñecemento académico para o acceso a determinados postos na Administración, Forzas armadas, etc., é totalmente equivalente ao Bacharelato.

**3 Ciclos de grao superior:** o acceso a estes Ciclos pode ser por medio do título de Bacharelato, cunha titulación de Ciclo de grao medio (o máis recomendable de cara a comprender mellor moitos conceptos tecnolóxicos, e a ter adquiridas unha serie de capacidades e habilidades) ou mediante proba de acceso. O título acredita á persoa posuidora como técnico superior e, ao igual que nos Ciclos medios, os módulos están unicamente relacionados coa titulación. A FCT dura o mesmo que nos Ciclos de grao medio, e ademais é necesario realizar un proxecto técnico. Os Ciclos superiores teñen un recoñecemento académico superior ao Bacharelato.



Ademais do xa mencionado, é útil mencionar que os Ciclos formativos ofrecen posibilidades como os cursos de especialización (másters), ou a participación en programas europeos, como o programa Erasmus+ no que o IES de Fene xa leva tempo participando, e que permite que o alumnado poda cursar parte da súa FCT, practicamente a metade do tempo, en países da Unión Europea. Algúns países no que o noso alumnado ten participado neste programa son Francia, Alemaña, os Países Baixos, Italia, Polonia... Por non falar da altísima empregabilidade que teñen estas titulacións.

Por outra banda, os ciclos formativos de FP permiten obter a mesma titulación, independentemente da modali-

dade na que se cursen: modalidade ordinaria (de luns a venres polas mañás, e luns e mércores polas tardes nos IES), modular (de luns a venres polas tardes, dirixida ás persoas que traballan), a distancia (fundamentalmente a través de clases virtuais) ou semipresencial. Todas elas proporcionan exactamente a mesma titulación, e no título non figurará a modalidade na que se curse o Ciclo.

Para finalizar, a FP non é unha “vía morta” que só permite pasar ao mercado laboral unha vez rematada; pola contra, unha persoa pode rematar un Ciclo medio, para logo acceder directamente a un Ciclo superior e, unha vez rematado, ter acceso directo á Universidade. Isto ten unha vantaxe moi a ter en conta, que consiste en que, no caso de que @alumn@ vexa que non é capaz de seguir o ritmo na titulación que se está a cursar, sempre pode facer uso da súa titulación e poñerse a traballar. Por exemplo, alguén que cursa un Ciclo superior e ve que non ten posibilidades de rematalo, se posúe un título de grao medio pode buscar traballo con esa titulación, mentres que se só pode aportar o título de Bacharelato as súas oportunidades laborais redúcense dun xeito moi drástico.

## EN QUE CONSISTE A FP?

A FP Dual aparece coma unha solución para que a aprendizaxe na FP se integre aínda máis no mundo produtivo, facendo así que unha boa parte da carga práctica dos módulos dos Ciclos formativos se aprenda nas empresas. Deste xeito, conséguese que o mundo empresarial estea aínda máis implicado na formación do alumnado de FP.

Para conseguir este obxectivo, os centros de ensinanza onde se imparte Formación Profesional, tanto Centros Integrados de FP (CIFPs) coma Institutos de Ensino Secundario (IES), póñense en contacto con empresas do ramo no que se busca implantar un determinado Ciclo formativo en FP Dual; se hai acordo, asínase un convenio que garante que o alumnado que vaia participar nesta modalidade Dual aprenderá na empresa o mesmo, ou incluso máis, do que aprendería cursando o mesmo Ciclo por outras modalidades, xa que o alumnado sempre vai estar titorizado por persoal da empresa que o irá guiando no seu desempeño profesional.

É obrigatorio que o tempo mínimo que o alumnado estea na empresa sexa dun 33% da duración do Ciclo (2000 horas); isto é, quen curse unha FP Dual terá unha formación práctica na empresa de como mínimo 667 horas. Outra cuestión interesante da FP Dual é que, ademais de cotizar á Seguridade Social, o alumnado recibe unha remuneración como mínimo da metade do Salario Mínimo Interprofesional (SMI, actualmente de 1000 euros mensuais), é dicir, de 500 euros por cada mes que estea na empresa; lembremos que as prácticas de empresa na modalidade de FCT non son remuneradas.

Os requisitos para poder cursar unha FP Dual son os mesmos que para os Ciclos formativos, e a maiores @alumn@ debe cumprir os dezoito anos no mesmo ano no que se matricule nun Ciclo Dual, ademais de non ter traballado anteriormente no sector no que vai cursar a Dual; por exemplo, alguén que traballara coma administrativ@ pode cursar sen problema unha FP Dual de Soldadura, pero esa mesma persoa non podería facelo na rama de Administración e xestión. A FP Dual ten dúas modalidades:

**A** FP Dual ordinaria, ou “de segundo ano”: esta modalidade cúrsase nun Ciclo “ordinario”, é dicir, non se crea un grupo novo para ese Ciclo. Consiste en que o alumnado cursa completamente no IES o primeiro curso do Ciclo, así como a primeira avaliación do segundo curso (é dicir, ata o mes de decembro). Á volta das vacacións de Nadal no segundo curso (primeiros de xaneiro) o alumnado comeza a súa formación na empresa nos módulos do segundo curso, permanecendo na empresa durante toda a segunda avaliación (entre xaneiro e marzo), e seguindo na empresa na terceira avaliación (entre abril e xuño), aínda que neste período o alumnado acudirá un día á semana ao centro educativo para completar a súa formación. En total, cada alumn@ cursa uns seis meses formándose na empresa. Nesta modalidade non hai un número mínimo de alumnos esixible para crear un grupo de Dual, de xeito que un só alumno pode cursar unha FP Dual ordinaria nunha empresa.

**B** FP Dual completa, ou de grupo completo: nesta modalidade, na que si se crea un grupo exclusivo para o Ciclo de FP Dual, o alumnado alterna entre a empresa e o centro educativo dende o principio, nos dous ou tres anos que dura a formación; a distribución dos tempos é consensuada entre o instituto

e a empresa. Esta modalidade esixe un número mínimo de uns 12 alumn@s, polo que só é asumible por unha empresa grande ou, máis habitualmente, por varias empresas que se agrupan asumindo un ou varios alumn@s para o proxecto.

## TEN UN LUGAR A FP DUAL NO IES DE FENE?

Aínda que a FP Dual comezou exclusivamente nos CIFPs, posteriormente deuse a oportunidade para que os IES introducisen a FP Dual na súa oferta formativa. E o IES de Fene, no seu afán por intentar actualizarse e estar á última en innovación, non desaproveitou esta oportunidade, xa que no 2019 comezouse a sinatura de convenios coas empresas para que o alumnado dos Ciclos de Mantemento electromecánico e de Instalacións frigoríficas e de climatización tivesen a oportunidade de cursar unha FP Dual ordinaria nos seus Ciclos, neste caso da man da FP Dual da modalidade ordinaria. E deste xeito, a FP Dual entrou no IES de Fene e ata o momento con resultados inmejorables, pois a meirande parte do alumnado que cursou a Dual rematou sendo contratado pola mesma empresa, ben fose no momento de remate dos seus estudos, ben algún tempo despois.

E para o futuro máis inmediato, a FP Dual confirma que chegou ao IES de Fene para quedar, xa que despois de consultalo cos Departamentos correspondentes, a previsión é que para o próximo curso se oferten prazas para FP Dual ordinaria nos Ciclos nos que xa se traballaba coa Dual, a saber Mantemento electromecánico e Instalacións frigoríficas e de climatización, aos que se incorpora o Ciclo medio de Soldadura e caldeiraría.



E, con respecto á FP Dual completa, a pandemia da COVID-19 freou en seco os proxectos que no 2020 estaban a desenvolverse. Mais unha vez as empresas volveron ao seu ritmo e unha vez foi retomado o contacto coas empresas, xa foi presentada solicitude de xeito oficial hai uns días para que o próximo curso 2022-2023 o IES de Fene oferte FP Dual completa para os Ciclos medios de Electromecánica de vehículos automóbiles e de Instalacións de produción de calor. Segundo os contactos feitos coas empresas dos respectivos sectores, nestas dúas especialidades as perspectivas de seren contratados por estas empresas para o alumnado que curse estes Ciclos son moi boas, dado que existe unha grande demanda por parte das empresas participantes para estas titulacións e moi pouco persoal cualificado. Se finalmente así fora, todos os Ciclos formativos que se imparten no IES de Fene estarían implicados, nunha modalidade ou noutra, na FP Dual.



## ALGUNHAS CONCLUSIÓNS

Agora teño que confesar que nun principio eu, que estou actualmente levando no noso IES a FP Dual, era bastante escéptico con respecto a esta nova modalidade, xa que cando se falaba dela se focalizaba que viña “importada” da Alemaña, onde o sistema produtivo está baseado en grande medida en grandes empresas: Audi, Volkswagen, Siemens, Bosch, etc., unha situación moi diferente á de España en xeral e sobre todo á de Galicia en particular, cun tecido produtivo baseado case en exclusiva en pequenas e medianas empresas (PEMES). Porén, o feito de que finalmente se adaptase a FP Dual ás características da nosa economía fai que esta modalidade teña unhas excelentes perspectivas.

Por outra banda, outra cousa que eu non tiña claro era se a FP Dual non sería para as empresas unha escusa para poder obter man de obra barata. A experiencia que no IES de Fene estamos a ter con esta modalidade veume desmentir tal sospeita, pois a meirande parte das empresas implicadas na FP Dual son entidades serias; así, o feito de que moitas empresas se impliquen na FP Dual é un bo síntoma. Pensemos que participar nun proxecto de FP Dual provoca un certo descontrol no funcionamento das empresas, non só dende o punto económico pola remuneración directa a cada alumn@, senón tamén porque a titorización do alumnado por parte de persoal da empresa provoca que o traballo diario vaia a un ritmo máis lento; pero os beneficios superan aos inconvenientes, xa que deste xeito a empresa consegue formar persoal debidamente cualificado, por unha banda coa mesma formación que o alumnado que cursa a FP por outras modalidades e por outra banda nas mellores condicións para poñerse a traballar nela unha vez remate o Ciclo (formar unha “canteira”, se se me permite o símil futbolístico), en lugar de ter que contratar persoal alleo á empresa que teña que pasar un tempo para adaptarse a ela. Ademais, desde o propio instituto só buscamos empresas que podan responder satisfactoriamente na formación do noso alumnado, rexeitando as ofertas que non ofrezan un mínimo de garantías; dito con outras palabras, non aceptamos “chafulladas”.

Resumindo, pola nosa experiencia e ata o momento a FP Dual está a ser beneficiosa tanto para o alumnado coma para as empresas coma tamén para o noso instituto, e agardamos que así siga a ser durante moitos anos.